



## O LIBRO EDITADO POR INNOVACIÓN E INDUSTRIA SOBRE AS VACAS GALEGAS E O SEU PAPEL NA SOCIEDADE TRADICIONAL E ACTUAL VEN DE ACADAR CINCO PREMIOS GOURMAND 2007

- A publicación *Vacas, a súa dignificación sexual e gastronómica* foi editado por Everest en colaboración coa Consellaría de Innovación e Industria. Está escrito polo restaurador italiano afincado en Ourense Flavio Morganti e ven de obter catro premios Gourmand, entre eles o de *Mellor libro de cociña en España*.

**Santiago, 20 de decembro de 2007.-** O libro sobre as vacas galegas e a súa dignificación sexual e gastronómica editado por Everest e promovido pola Consellaría de Innovación e Industria a través da Dirección Xeral de Turismo ven de acadar cinco premios Gourmand 2007. A publicación consta de duascentas páxinas cun formato que o autor califica de “romance gastronómico social”. Segundo explica Flavio Morganti, o restaurador autor da publicación, “o obxectivo do libro é dignificar a figura da vaca como animal e ter en conta a súa entrega e polifacética utilidade na sociedade”.

Vacas de Flavio Morganti acadou, xa que logo, nesta edición o premio á *Mellor Portada dun Libro de Cociña en España* e ao *Mellor Libro de Cociña en España*. Tamén foi distinguido co galardón á *Mellor Monografía Culinaria en Lingua Galega* e *Mellor Fotografía dun Libro de Cociña en Galego*. Doutra parte, obtivo o recoñecemento á *Mellor Portada dun Libro de Cociña en Galego*

O libro de Vacas comparte distinción con outros galardoados polo xurado de Gourmand 2007, como *Cocinar a Ciegas*, da Escola de Hostelería de Leioa; *El Jamón Ibérico en la Cocina del S. XXI*; ou *Los Aceites de Oliva en la Gastronomía del Siglo XXI*, ambos da Academia Española de Gastronomía. Os premios Gourmand World Cookbooks Awards están considerados os máis relevantes en materia culinaria no que se refire a libros de cociña.

### O libro de Vacas

A publicación da Consellaría de Innovación e Industria, da que se editaron 3.500 exemplares en castelán e 2.500 en galego, está editada por Everest Galicia e Everest España e conta con tres prólogos de Yvess Sinclair, Cristino Álvarez e Martín Berasategui. Manuel Rivas tamén fai unha aportación persoal neste libro que aborada a dignificación sexual deste animal dende a mitoloxía até os nosos días. A discriminación sexual e o paralelismo societario son outros dos asuntos que se analizan no libro. Noutra parte da obra dedicada á dignificación gastronómica da vaca inclúense 69 receitas e artigos coa vaca galega como protagonista.

As 31 razas vacunas existentes no Estado e as 5 galegas con censo, datas e definicións correctas son obxecto doutro dos apartados do libro. Entre outras novidades e orixinalidades, o libro inclúe un novo recetario con vacaterapias lúdicas e profesionais; a relación das vacas coa arte e fotografías de Xurxo Lobato. Segundo explica Morganti,



entre os obxectivos desta publicación está o de “conseguir que a figura vacuna e a das persoas que se encargan do seu coidado apareza dignificada”.

Ao mesmo tempo, aproveitase a publicación para establecer unha diferenza gastronómica entre a dieta do Norte e do sur de España . Morganti destaca no libro a existencia da dieta atlántica e a importancia da carne de vaca como alimento consumido en toda Europa.

**SAÚDOS**

**GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**